



CONCELLO DE REDONDELA

**SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE SAN VICENTE DE
TRASMAÑÓ, CELEBRADA O 9 DE FEBREIRO DE 2015**

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Proposta para os orzamentos participativos do exercicio 2015.
- 3.- Presentación de propostas para o cambio de finalidade do Colexio de Trasmañó.
- 4.- Varios

No Centro Cultural de San Vicente de Trasmañó, sendo as vinte horas e vinte e cinco minutos do día nove de febreiro de dous mil quince, baixo a Presidencia da concelleira ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ, da comezo a sesión coa asistencia, ademais, dos seguintes membros:

GRUPOS POLITICOS:

PSOE – DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ
PP – MARIA JOSÉ BARCIELA BARROS
B.N.G. - JOSÉ LUIS GRANDE GRANDE,

ASOCIACIÓNS CULTURAI:

ALVARO RICÓN GONZÁLEZ
ANA SANTOMÉ SANTOS

COMUNIDADE DE MONTES:

FERNANDO MAGDALENA RODRIGUEZ, incorporouse á sesión ás vinte horas e corenta minutos
FERNANDO MAGDALENA BLANCO,
JOSÉ LUIS RIOBÓ GIL,



CONCELLO DE REDONDEIRA

COMUNIDADE DE AUGAS:

MARIO SÁNCHEZ ÁLVAREZ

NON ASISTIRON:

Don LUIS ANTONIO MEDAL FIEL, representante do grupo político A.E.R.

Don JOSÉ RICARDO EXPÓSITO ALONSO, representante das Asociacións Culturais.

Don EMILIO PARADA COVELO, representante das Asociacións Culturais.

Don AVELINO ALONSO CRUZ, representante da Comunidade de Montes.

Dona CARMEN CABALEIRO LAGO, representante da Asociación de Mulleres.

Don JESÚS BAMBA VÁZQUEZ, representante da Comunidade de Augas.

Don AGUSTÍN FERNÁNDEZ ALVAREZ, representante das Asociacións Deportivas.

INCIDENCIAS.-

Aberta a sesión pola Presidencia, comezase co primeiro punto do orde do día que é a aprobación da acta anterior (celebrada o día 29 de decembro de 2014), sendo aprobado por unanimidade.

A continuación pásase ao punto seguinte que é o de “Propostas para os orzamentos participativos do exercicio 2.015”

A Presidenta pasa a palabra á concelleira dona M^a Xosé Barciela Barros. Esta repasa as obras que quedan pendentes co obxecto de que se poidan incorporar aos participativos do exercicio 2015:

- a) Fonte do campo de fútbol
- b) Colocar 2 sinais de neve
- c) Facer a cuneta na Leira do Muiño
- d) Corta-las árbores que están levantando o asfalto no acceso ao Centro Cultural. A concelleira pide colaboración aos membros do Consello ou dun veciño para poder identificar aos propietarios das leiras.



CONCELLO DE REDONDELA

A continuación os membros do Consello fan varias propostas:

1.- Don Alvaro Ricón González propón colocar reixas no Camiño Vello da Igrexa (ou na Estrada de San Vicente) dende o semáforo de Cabanas ata as Pedriñas. Don José Luis Riobó Gil di que esta proposta non debería entrar nos orzamentos participativos, que a tería que facer o concello xa que a parroquia de Trasmañó paga os seus impostos. A isto a concelleira dona M^a Xosé Barciela Barros di que as reixas si se poden facer, o problema é que para facer o asfaltado hai que facer unha memoria e ata que non se aproben os presupostos do concello do ano 2015 non se pode realizar obras de investimento.

2.- Don Fernando Magdalena Blanco propón facer unha cuneta na Leira do Muiño (de medio bloque ou de cemento).

3.- Don Fernando Magdalena Blanco tamén propón arranxar a fonte que está ao lado do campo de fútbol que pertence ao Concello (xa que así está recollida no inventario de bens do concello) e que ademais está soterrada. A concelleira dona M^a Xosé Barciela Barros propón busca-lo manancial.

4.- Don Alvaro Ricón González e dona Ana Santomé Santos propoñen colocar unha marquesiña no Cruce do Camiño das Laxes co Camiño das Pedriñas (na entrada da Senda da Auga). A presidenta e dona M^a Xosé Barciela Barros din que teñen que estudar se se pode colocar. Don Mario Sánchez Alvarez ofrécese a investigar quen son os lindantes para informar ao Concello.

5.- Don Fernando Magdalena Blanco propón que na devasas que hai de Fenosa se faga unha cuneta, xa que cando chove hai problemas de desaugadoiro. Don José Luis Riobó Gil di que se lle comente ao concelleiro de Vías e Obras don Cándido Vilaboa Figueroa para que non entre nos orzamentos participativos do ano 2015.

6.- Don Alvaro Ricón González e dona Ana Santomé Santos propoñen anchar a estrada de Trasmañó (á altura do núm 30). A concelleira dona M^a Xosé Barciela Barros di que supón un



CONCELLO DE REDONDELA

investimento moi grande. Di que hai que falar cos 4 veciños afectados, ver se están dacordo , facer unha memoria e valorar si é factible.

7.- Arranxar o camiño Río Maior (á altura onde vive Rosa). A concelleira M^a Xosé Barciela Barros di que a dona non cede. A presidenta di que se falou cos veciños doutro lado pero que se uns non ceden os outros tampouco. Ana Santomé Santos di que esta proposta non debería entrar nos orzamentos participativos, que o concello tería que limpalo e acondicionalo. A isto presidente contesta que este camiño xa se limpou hai un ano cando se limpou a pía. Don Mario Sánchez Alvarez di que non é facil porque hai que entubar e a concelleira M^a Xosé di que hai que pedir permiso a Augas de Galicia.

A continuación a presidenta di cales son as propostas prioritarias para levar a cabo. A isto os membros do consello contestan:

Primeiro: anchar a estrada de Trasmaño á altura do núm 30.

Segundo: Canaliza-la auga na Leira do Muiño.

Terceiro: Colocar unha marquesiña no Cruce do Camiño das Laxes co Camiño das Pedriñas

Cuarto: Arranxar a fonte do campo de fútbol

A continuación, pasamos ao punto terceiro que di: "Presentación de propostas para o cambio de finalidade do Colexio de Trasmañó".

Comezan as Asociacións Culturais a través dos seus representantes, don Alvaro Ricón González e dona Ana Santomé Santos. Éstes din que a non ser un Centro de Día, eles non van facer ningunha proposta. Se o Concello algún día fan algunha proposta que a levarán a Asamblea.

Don José Luis Grande Grande, en representación do BNG, di que non lle parece serio traer ese punto así. Que o Concello debería presentar as súas propostas. E unha falta de valentía política, pretende librarse do tema e que a parroquia decida.



CONCELLO DE REDONDELA

A isto a presidenta di que o Centro de Día aprobouse en pleno. O alcalde veu dar as súas explicacións porque non se destinaba a ese fin na Asamblea Veciñal celebrada o 29 de decembro de 2014 e que o Concello ten a súa proposta que é a de adicalo a actividade de “Tiro con Arco”. A isto don Alvaro Ricón González pregunta quen vai levar o mantemento do colexio. A isto a presidenta contesta que vai depender do fin que se lle dé.

A representante do PSG-PSOE, dona Digna Rosa Rivas Gómez di que o concello estivo dando largas dende o principio. Que o Concello nunca tivo intención de darlle un servizo. Critica como está o colexio por dentro: está abandonado dende o ano 2011 (ano en que remataron as actividades). Non ten un mantemento. Necesita un investimento grande. Di que a proposta ten que traela o Concello. Di que había un diñeiro para o “ Plan Marisma” e que se perdeu.

A isto a presidenta contesta que o Plan Marisma se adxudicou cando houbo cartos.

O representante da Comunidade de Augas, don Mario Sánchez Alvarez di que prefire que teña un uso social antes de que esté abandonado.

Os representantes da Comunidade de Montes apoian a proposta que fixeran no seu momento para a realización de cursos de formación e xornadas de carácter educativo.

A presidenta di que ante isto, será o Concello quen traia as súas propostas e que se levarán a unha Asamblea Veciñal

A continuación pásase ao último punto do día que é o de: “Varios”

1.- Dona Ana Santomé Santos solicita a documentación requerida no Consello Parroquial de 29 de decembro de 2.014 sobre os investimentos feitos nos últimos 5 anos. A isto, a presidenta e dona M^a Xosé Barciela Barros comentan que o traerán no próximo consello parroquial xa que é un traballo laborioso xa que hai buscar facturas. A isto dona Ana Santomé Santos e don Alvaro Ricón González din que solo queren a relacións dos investimentos non o custe.

2.- Don Mario Sánchez Alvarez pide que se limpe o parque da Fermosa xa que hai problemas de auga estancada.



CONCELLO DE REDONDELA

- 3.- Dona Ana Santomé Santos di que pasa co arranxo do camiño dos Postes ou da Moraliña. A isto a presidenta contesta que xa está a memoria e que só falta esperar a solicitar unha subvención.
- 4.- A presidenta di que xa está en marcha o arranxo da entrada de "Félix".
- 5.- Don Mario Sánchez Alvarez pide que se arranxe o camiño de formigón da subida a Centeira. (polo lado de Cedeira). A isto a presidenta responde que pertence a Cedeira.
- 6.- A Presidenta di que se vai facer un investimento nas acometidas de 70.000 euros para que non supoña un custe tan alto para os veciños.
- 7.- Don Alvaro Ricón González propón que se abra o portal do Colexio de Trasmañó e se prepare a pista deportiva para que os nenos xoguen. A isto a presidenta di que o vai consultar porque a policía local tería que vir a abrir e pechar o portal.
- 8.- Don José Luis Riobó Gil di que a canalización da Senda da Auga está en mal estado, ten restos de maleza e a auga non transcorre ben.
- 9.- Don Mario Sánchez Alvarez propón que se faga unha revisión topográfica das sinais dos camiños xa que hai algúns que están en mal estado e non se len. A isto a concelleira dona M^a Xosé Barciela Barros contesta que si que as chapas se están borrando e que pasará nota xa que se terá que facer a nivel de todo o Concello de Redondela.

E, non sendo outro o obxecto da presente reunión, pola Presidencia dáse por rematada esta, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, esténdese a presente acta, da que, como Secretaria, DOU FE.-

A PRESIDENTA

ERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ

A SECRETARIA

M^a BELÉN RODRÍGUEZ LÓPEZ